

COLA DA VIDA

## Xuíces pedagogos

07.02.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

España sempre buscou fórmulas paternalistas para manter os menores en situación de risco social baixo control. É tanto así que xa Pedro IV, coñecido como o Cerimonioso, creou en 1338 a figura asistencial do *pare d'orfens* ou pai de orfos. Con ela pretendía combinar os elementos educativos e tutelares dun pai cos formativos e laborais dun patrón, e desta forma conseguir apartar os menores marxinais da súa mala vida mediante o traballo. Pese a todo, esta figura extinguiuse cara a 1793, despois de máis de catro séculos de implantación.

Pero como o tema dos menores en situación de desprotección é un tema transversal a todos os tempos e culturas, cando se institucionalizaron os xulgados de menores volveuse considerar a necesidade de que os nenos que ou non tiñan pais ou estes non exercían a súa función parental fosen tutelados polos xuíces que os xulgaban. De aí que o nome que se lles dese aos seus tribunais fose o de tutelares de menores. A creación da lei que estableceu estes tribunais en España (1918) foi impulsada por Avelino Montero, fiscal e fillo do insigne compostelán Euxenio Montero Ríos, e polo avogado e empresario siderúrxico vasco Gabriel María de Ybarra, primeiro xuíz tutelar español, con xurisdición en Bilbao (1920).

Así as cousas chegamos ao momento presente, en que os xulgados xa non teñen a potestade tutelar, só son Xulgados de Menores, pero onde os xuíces deben impartir unha xustiza educativa, por considerar a nosa cultura social que o menor é unha persoa que aínda non pode valorar suficientemente as consecuencias das súas accións, e que, polo tanto, debe seguir sendo educado en que a todo dereito lle corresponde un deber e que estes levan a obrigas persoais e sociais. Neste escenario hai un xuíz que se destacou sobre os demais, é Emilio Calatayud, o xuíz de menores de Granada, que saltou aos medios de comunicación polo cambio de mentalidade que introduciu ante as accións e as responsabilidades do menor, ao privilexiar nas súas resolucións a acción educativa fronte á coercitiva ou a da simple vixilancia.

Emilio Calatayud ten dado conferencias impactantes e reveladoras por todo o Estado, e aquí tamén, que foi onde o coñecín e puiden compartir con el momentos interesantes de reflexión. Pero como ás súas charlas só poden asistir un reducido número de persoas, pola limitación dos aforos no que imparte a súa sabedoría, e aínda que internet almacena algunha das súas intervencións, agora as súas sentenzas tamén poden ser lidas dunha maneira entretida na súa última obra *Mis sentencias ejemplares* (a súa primeira fora *Reflexiones de un juez de menores*). Un libro que, dun xeito socarrón e pedagóxico, describe o seu método para impartir xustiza e as consecuencias que para os rapaces por el xulgados teñen os seus veredictos.

Comino a todos aqueles que queiran aprender a situarse ante o labor educativo, ben sexa como pais, mestres, xuíces ou de calquera outro oficio a que lle boten unha ollada a esta obra e verán que como el afirma a educación é unha cuestión de sentido común, ou como diría Unamuno de amor e pedagogía.